

## O GRUPO MARCOTE E O GRUPO HOSPITAL DOMÍNGUEZ PRETENDEN VINCULARSE A UNIVERSIDADE DE VIGO A TRAVÉS DA ADSCRICIÓN DA ESCOLA DE TURISMO **WELTÓN** E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA E PODOLOXÍA RESPECTIVAMENTE.

A solicitude de adscrición foi rexeitada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do día 17 de setembro para a EU Weltón S.L, e do día 23 de outubro para o grupo Domínguez.

Con respecto a adscrición da EU Weltón, adscrita ata este curso a UNED, hai que destacar a gran discusión que houbo sobre ela no citado Consello de Goberno. A esta adscrición non soamente se opuxeron os membros afíns á Nova Universidade senón tamén persoas vinculadas ó actual equipo de goberno. Así se subliñou (profesores Domínguez, Cabeza, Sanchez Bello, Remesal, Tojo) que este centro carecía de interese estratéxico para a universidade: impartía unha titulación con escasa calidade académica (plano de estudos mais que discutible, profesorado sen doutores diplomados e outras eivas) e a súa adscrición podería condicionar fortemente a decisión da Xunta de Galicia sobre a petición da Universidade de Vigo da titulación sobre estes estudos e que tamén reclaman as outras dúas universidades galegas.

A pesar desta decisión final, da cal nos congratulamos, hai que destacar a tibieza da equipa de goberno á hora de rexeitala. O Vicerrector de Relacións Institucionais, pediulle ó Consello de Goberno que informara favorablemente esta solicitude para facilitar a súa aprobación polo Consello Social. Ante o rexeitamento claro do Consello, o rector propón que se aprobe un informe desfavorable pero “. se existise un compromiso de integración nun prazo definido, o Consello de Goberno podería volver a tratar o tema”. En definitiva, que o tema aínda non está definitivamente pechado.

O grupo Marcote, fortemente vinculado ó Partido Popular, dedícase ó ensino privado na comarca de Vigo. Ata o ano pasado estivo loitando por implantar a primeira universidade privada en Galicia, que estaría instalada en Pontearreas. O proxecto carecía do mínimo rigor académico, ata o punto de que, a pesar dos apoios políticos populares que recibiu, foi tombado polo Consello de Universidades.

Algo semellante ocorreu có grupo “Hospital Miguel Domínguez”, de Pontevedra, e tamén moi vinculado ó Partido Popular. A solicitude de adscrición tamén foi rexeitada polo Consello de Goberno, neste caso na sesión do día 23 de outubro. E os argumentos foron similares ós anteriores.

CC OO opina que a adscrición de centros debe ser rexeitada polas universidades públicas porque é inmerecida e innecesaria. Inmerecida, porque estes centros carecen dos requirimentos de calidade académica necesarios. Innecesarios porque se, de verdade, a Universidade de Vigo quere ter unha titulación determinada, debería pedila oficialmente para ofrecela coma

titulación propia, especialmente agora que se vai revisar o mapa de titulacións; cousa que, de paso, favorecería a carreira académica de moitos profesores formados na propia universidade.

Sería unha absoluta irresponsabilidade que a Universidade Vigo apoie coa súa sinatura uns títulos académicos acadados en centros dos que xa se sabe de antemán que ofrecen pouca calidade e contribuindo, así, a asentar ese fraude social. CC OO xa anunciou no Consello Social, a través do seu representante, que votará en contra da adscrición. Esperemos que a representación da Universidade de Vigo neste consello faga o mesmo, especialmente ós representantes do equipo de goberno.